



A ALDEA PANTASMA

No ano 1777 unha aldea estaba habitada por 14 persoas distribuídas en seis casas. Pero esa xente da aldea non vivía moi tranquila porque nunha casa que estaba xa algo apartada das outras vivían dous nenos e dúas nenas con seus pais e avós. Todas as noites esa casa quedaba ás escuras e un pouco máis tarde sentían berrar os rapaces; de pronto acendíase a luz dunha habitación e víase a silueta dunha persoa cun coitelo na man apuñalando os nenos, logo tiráboas por unha ventá e era entón cando se vía que a persoa que matara os nenos era o avó ou o pai.

Pero ao día seguinte víase aos nenos xogar tranquilamente diante da casa. E así sucedeu durante case un ano até que un día apareceron os restos dun neno no río, outro día so dunha nena, outro día os da nai, outro día os da avoa, até que só quedaron na cas un neno e unha nena, o seu pai e o seu avó e ao cabo de tres meses apareceran as cabezas de todos enterradas preto da casa e os corpos no río.

Xa pasaran case dous anos e a xente xa estaba máis calmada, pero aínda seguían sentindo os berros dos nenos; uns dicían que eran os seus espíritos que andaban por aí buscando a entrada ao ceo e outros dicían que eran as pantasmas, pero nunca se soubo a verdade, a xente, co medo, acabou marchando da aldea e iso quedara deserto, non quedara nin un só paxaro, nin un só ruído, só os berros

dos rapaces que procedían daquela casa.

No ano 2006 uns exploradores miraran nun libro dos máis antigos, no que aparecía a historia que vos acabo de contar, e decidiron ir a aquela casa á que lle quedara o nome de "casa encantada".

Cando os exploradores chegaron, debaixo da "casa encantada" poñía PERIGO, pero eles non fixeron caso. Cando entraron, todo estaba en silencio e a porta pechóuselles; e naquilo sentiron unha voz:

- M a r c h a a a d e e e ,
marchaaadeeee de aquí antes de que sexa tardee.

E entón todas as portas e ventás abríronse, facía un vento tremendo, e de alí a uns cinco minutos o vento calmouse, a exploradora Sheila estaba toda cuberta de táboas e pedras e o explorador Adolfo tamén. Adolfo, cando espertou, estaba voando pero de repente caeu ao chan e sentiu a voz dunha nena:

- Lamentaredes ter entrado aquí, morreredes igual ca nós e os vossos espíritos vagaran eternamente polo mundoooo.

Naquilo, Sheila espertou, colleu a man a Adolfo, romperon a porta e os dous saíron correndo; logo sentiron un berro. Cando xa estaban lonxe da cas Sheila díxolle a Adolfo:

- Non podemos volver entrar aí, non somos especialistas nisto, morreríamos.

- Tolerías, coa tecnoloxía de hoxe en día sobreviviremos e conseguiremos resolver o misterio; se hai espíritos coas

nosas gafas verémolos e coas pistolas especiais inmobilizáremolos durante catro horas – dixo Adolfo.

- Está ben, entraremos, pero antes quero dar unha volta pola aldea a ver que hai, buscaremos en todos os lados pistas sobre esa casa encantada e entraremos nas casas; só hai seis, remataremos pronto.

- Vale, mans á obra - dixo Adolfo.

Entraron nunha cas, noutra, noutra... así até que só lles quedaba unha casa, a que estaba máis preto da casa encantada. Nesa casa atoparon unha pista, unha pista moi boa: o diario dunha rapaza que se chamaba Rosa, de 15 anos; nese diario contaba, día tras día, o que acontecía na casa encantada, mesmo poñía como, se en realidade había espíritos, vencelos ou como calmalos. Logo dixo Adolfo:

- Esta é unha boa pista, unha pista marabillosa.

- Si, pero, a pesar de todo, creo que os habitantes non eran normais, coma nós, porque as casas, os camiños... non son coma os das outras aldeas desta mesma época; sen dúbida é unha aldea pantasma – dixo Sheila con algo de medo.

- Iso deixémolo a un lado e dispoñámonos a entrar na cas; procuraremos non facer ruído – dixo Adolfo cos ollos iluminados, xa que lle gustaban as aventuras.

Entraron sen facer ruído ningún; estaba todo ás escuras e Sheila deulle á chave da luz. Entón saíron cravos, espiñas, coitelos... de



A ALDEA PANTASMA

cara a ela, pero Adolfo salvouna. Foron de cara a un corredor, andaron e andaron e o corredor nunca se acababa. Entón, Adolfo colleu un mazo, furou a parede e chegaron a unha habitación na que sentiron chorar a un neno; puxeron as gafas e viron un pequeno neno sentado nun sillón, coa roupa toda rachada e a cara chea de sangue. A Sheila deulle tanta pena que lle preguntou:

- ¿Que che pasa? - O corazón de Sheila latía a mil por hora e tiña moito medo. O meniño levantou a cabeza e díxolles:

- ¿Quen sodes vós? Non deberíades estar aquí, meu tío matarvos dunha forma moi cruel, ao igual que fixo comigo e coa miña familia.

- Se vos mataron, ¿por que estades nesta casa?

- Xa sei ao que te refires, e, ao igual que vós, moita xente intentou descubrir a historia desta casa, pero ninguén o conseguiu. Estamos aquí porque o espírito do noso tío, que leva nesta casa desde hai 200 anos, maldiciunos.

- ¿Por que? - preguntou Sheila.

- Iso non o sei, eu non nacera e ninguén mo contou, pero sei que o meu tío está aquí porque cando estaba vivo fora moi cruel coas persoas, e matara a súa esposa. Entón, cando morreu, o seu espírito quedou na casa.

- E logo, cando entramos, ¿por que nos ameazou a voz



dun neno?

- O meu tío pode cambiar de voz e poñer a que el queira, pero non pode cambiar de imaxe. Supoño que tamén queredes saber por que durante case un ano os veciños vían os nosos asasinatos diante da casa. Non fai falla que me respondades, xa sei a resposta, contaréivolo.

A primeira imaxe que viron os veciños sobre o noso asasinato fora real, e logo o noso tío metíase en cada un dos nosos corpos sen vida e facía que xogásemos. Así estivo facendo durante case un ano até que se cansou e os nosos corpos non valían para ver. Entón cortounos en anacos e botou todo ao río, menos as cabezas, que enterrou.

Niso, o neno sentiu que o seu tío se achegaba e díxolles a Sheila e Adolfo:

- Rápido, escondédevos no armario, ven o meu tío e se vos ve mataravos.

Logo o neno púxose a chorar e o seu tío pasou por

diante del. Cando o perigo pasara, Adolfo e Sheila saíron e preguntáronlle ao neno:

- ¿Que podemos facer para que ti e a túa familia volvades estar en paz?

- Só hai unha forma, immobilizando o meu tío e meténdolle este líquido pola boca.

- Iso está feito, coa nosa pistola e a miña puntería volverdes estar en paz - dixo Adolfo.

Foron na procura do tío do rapaz coa pistola na man e cando o viron ¡PUM PUM!, disparáronlle antes de que el reaccionase, botáronlle o líquido na boca e o espírito foi para o inferno: Logo unha luz iluminou a Sheila e Adolfo e toda a familia do rapaz estaba diante deles cando unha nena lles dixo:

- No nome de toda a familia douvos as grazas, nunca vos esqueceremos.

Logo todos comezaron a subir de cara ao ceo e desapareceron xunto coa luz; logo dixo Adolfo:

- Isto foi máis fácil do que eu pensaba, e agora síntome moito máis feliz.

- Eu tamén - dixo Sheila cun sorriso de orella a orella.

Xa pasara unha semana e Adolfo e Sheila xa publicaran un libro sobre a súa aventura. Fixéranse moi famosos e toda a xente os admiraba por descubrir a historia daquela casa. E, en canto á familia da casa, fora feliz para toda a eternidade.

MIRIAM CEA OTERO, S2D